

## MORRAZO


# O BNG cangués culpa a Gestido da perda da axuda de 40.000 € da Xunta

■ Esixen do concelleiro Gómez Millán, do PP, unha disculpa por un xesto supostamente obsceno

O BNG de Cangas culpou onte ao concelleiro de Deportes, José Luis Gestido Porto, do PP, da perda da subvención de 40.000 euros da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta, por "incumprir, como el mesmo reconece, o convenio asinado". Aínda así, os nacionalistas, convencidos de que estarán ao fronte da Alcaldía despois do vindeiro día 27, aínda agardan poder atopar unha solución. Por outra banda, esixen nun rogo do concelleiro de Urbanismo, Gómez Millán, "unha disculpa pública" por un xesto supostamente obsceno.



Clara acusou no último pleno dun xesto obsceno sexual a Millán, que dixo que chuchaba unha pastilla.



cangas  
J. LUIS MARTÍNEZ

O concelleiro do BNG cangués, Oliver Álvarez Barranco, manifestou que resulta sorprendente que Gestido Porto, "que aspiraba a ser o cabeza de lista do PP, desbancando a Sotelo, teña que utilizar un acto pre-electorado do BNG para sacar un pouco a cabeza e ter cancha na prensa, porque no PP non lle deixan falar".

Os nacionalistas entenden que Gestido Porto "non está capacitado para xestionar a política deportiva do Concello, porque el mesmo reconece que incumpriu o convenio asinado coa Dirección Xeral de Deportes da Xunta para subvencionar o Mundial de Catamaráns de 2006,

por non utilizar o galego en publicidade e folletos, e non informar da colaboración de empresas privadas".

Para o Bloque, o edil do PP "é unha persoa totalmente irresponsable, incapaz na xestión, que durante todo o Mundial estivo máis pendente da cantante Samantha Fox que de cumprir o convenio coa Xunta". Aclarou Barranco que Gestido manifestou publicamente "a súa paixón pola Fox como mito xuvenil".

Polo tanto, "unha persoa que demostra tal incapacidade e negligencia, non pode seguir ao fronte da política deportiva".

Aínda así, aconsella a Gestido "unha retirada tranquila, porque despois do vindeiro día 27 gobernará o Concello o BNG, e xa os encargaremos de arraxar os

desaguisados que provoca, e as molestias que está xerando aos clubs". Ademais, intentarán chegar a un acordo coa Xunta sobre esa axuda de 40.000 euros, e devolverán aos clubs "o protagonismo, posto que son os grandes abandonados nestes anos por parte do Concello".

Lembra Barranco, que aínda está agardando coñecer as contas do Mundial de Catamaráns.

Por outra banda, no pleno do pasado venres a portavoz do BNG, Clara Millán, acusou de dirixirle un xesto obsceno ao concelleiro de Urbanismo, Miguel Ángel Gómez Millán, que o negou, asegurando que chuchaba unha pastilla para a garganta. "Cando non existe respecto polas persoas non existe democracia, prevalece a violen-

cia e de pouco serve crar ectativas de desenvolvemento social". Polo que, "homes e mulleres de Cangas" manifestan a súa inqueda e preocupación polos feitos.

No rogo, asinado polos concelleiros do BNG, e apoiado por veciños e veciñas de Cangas, esixen de Gómez Millán unha disculpa pública polo sucedido, e do alcalde, Sotelo Villar, que "asuma a responsabilidade que lle corresponde, no que lle queda de mandato".

Para o BNG, os xestos de Gómez Millán foron "obscenos con contido sexual explícito", dirixidos a súa portavoz. Aseguran que o edil "habitualmente consume chicles e pipas nos plenos, para combater o seu desinterese polos asuntos de Cangas".

## O Concello cangués favorece a integración dos inmigrantes cunhas xornadas

cangas  
REDACCIÓN

As concellerías canguesas de Servizos Sociais, Cultura, Muller, e Xuventude; que dirixen os edís Alba Cordeiro, Carmen Pereiro, Laura Vidal, e José Luis Gestido, uniron esforzos para organizr as 'III Xornadas Interculturais, que comezan o vindeiro luns.

Entre os obxectivos das mesmas, está favorecer a integración do colectivo inmigrante, facilitar o encontro entre mulleres e homes de distintas culturas e etnias, crear un espazo de convivencia, difundir o principio de igualdade entre homes e mulleres, explicou Laura Vidal.

Nesta edición potenciaron as actividades lúdicas, para facilitar a participación dos veciños, e tamén as dirixidas a todos os colexios do municipio.

Serán proxectadas, entre outras, as películas 'Invisibles' e 'China Blue', actuará o grupo de teatro Loca-Motora, haberá o 12 de maio unha festas das culturas na Alameda Vella, e no mesmo lugar o 19 obradoiros de danzas.

## Personaxes coñecidos en tarefas do fogar

Mañá ás sete de media da tarde, será inaugurada na Capela do Hospital de Cangas a exposición de fotos de Vicepresidencia da Xunta, na que aparecen persoaxes masculinos coñecidos facendo tarefas do fogar, fotografados por Xurxo Lobato.



**Visita á toponimia dos alumnos das Barxas.** Vintecinco alumnos de terceiro de ESO do moañés Instituto As Barxas visitaron onte a exposición sobre a toponimia do municipio, que está aberta ao público no propio Concello de Moaña. Os mozos quixeron coñecer os nomes dos seus lugares e o significado, como foi o caso de Verducedo, que ben de verde.


## A arqueoloxía ten por uns días en Galicia a capital en Cangas

■ Arqueólogos alemáns, galegos, e un portugués, entre eles o director xeral de Patrimonio, Felipe Arias, falarán venres e sábado.

cangas  
REDACCIÓN

A Concellería de Medio Ambiente de Cangas, que dirixe Pío Millán, e o arqueólogo que dirixe as excavacións do Monte do Facho, José Suárez, organizaron para mañá venres e o sábado, unhas charlas (abertas ao público en xeral) a cargo de arqueólogos sobre altares votivos romanos atopados no lugar onde estaban orixinalmente, como é o caso do Monte do Facho, no Hío.

As ponencias terán por escenario o Auditorio Municipal, o venres



José Suárez Otero.

de dez a doce da mañá, e de cinco a oito, pola tarde. O sábado falarán de dez a doce da mañá, e pola tarde visitarán o Facho.